

MANUAL DE REXISTRO DO FORMULARIO DE INSCRICIÓN NOS PROCESOS SELECTIVOS

ÍNDICE

1. Acceso a FIDES/Expedient-e/procesos/OPE.....	2
2. Rexistro de datos no formulario.....	2
3. Confirmación da solicitude.....	4
4. Presentación mediante rexistro presencial.....	5
5. Presentación vía telemática.....	6
6. Verificación mediante PasaXe! e entrega de documentación.....	7
7. Rexistro e acreditación de méritos.....	8

1. Acceso a FIDES/Expedient-e/procesos/OPE


O primeiro paso para rexistrar o formulario de inscrición na OPE, será acceder a **FIDES** e no apartado de Expedient-e-Procesos escoller unha das opcións:

- **Inscrición OPE** se quere inscribirse no concurso-oposición.
- **CONCURSO DE MÉRITOS**, se desexa inscribirse en dito concurso.



2. Rexistro de datos no formulario

A continuación debe rexistrar os datos que se solicitan no formulario: categoría na cal desexa participar, vía de acceso (libre, promoción interna ou discapacidade), a opción de pago de taxas, etc:



No formulario constan os requisitos de participación que deberá declarar reunir, e tamén terá a opción para rexistrar, de ser o caso, a súa solicitude de adaptación de tempo/medios para a realización dos exercicios nos procesos de concurso-oposición, nos termos da base 1 da convocatoria.

A continuación debe marcar o check que figura á esquerda dos requisitos de verificación automática a través da plataforma de intermediación (PasaXe!). Neste caso, no momento de confirmar a solicitude, realizarase unha comprobación automática do cumprimento de dito requisito.

REQUISITOS DE VERIFICACIÓN AUTOMÁTICA		Opóñome á consulta
A comprobación dos requisitos que se relacionan a continuación farase automaticamente consultando ás administracións públicas cedentes a través da plataforma de interoperabilidade da Xunta de Galicia. Se vostede non desexa que esta comprobación se realice de xeito automático, debe marcar a casíña "Opóñome á consulta" e debe achegar, vía rexistro, o certificado acreditativo compulsado do requisito en cuestión		
☒ DNI/NIE-Caducidade		☐
☒ DNI/NIE-Idade		☐
☒ DNI/NIE-Nacionalidade		☐
☒ Título de familia numerosa xeral (expedido por organismo da Comunidade Autónoma de Galicia)		☐

ACREDITACIÓN DE REQUISITOS NON VERIFICABLES AUTOMATICAMENTE
☒ Xustificante de ingreso das taxas.
☐ Título oficial de familia numerosa xeral (expedido por outra Comunidade Autónoma)

No caso de non "cumprir" o requisito ou no caso de opoñerse á consulta (se marca o check da dereita) debe presentar a documentación acreditativa correspondente.

Tamén terá que marcar a acreditación dos requisitos non verificables a través de PasaXe!, como é o xustificante de ingreso das taxas.

Por último debe elixir o idioma no cal quere que se lle faciliten os cuestionarios de preguntas dos distintos exercicios da fase de oposición (nos procesos de concurso-oposición) e a unidade de validación onde desexa dirixir a súa solicitude.

Unha vez cubertos todos os datos, debe GARDAR o formulario:



IDIOMA CUESTIONARIO EXAME

Desexo que se me faciliten os cuestionarios de preguntas dos exames no seguinte idioma:

☒ GALEGO ☐ ESPAÑOL

Dirixido á Unidade de
Validación:

Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

3.

Lembre que deberá asinar e presentar este formulario nun rexistro administrativo, xunto coa documentación acreditativa de requisitos e méritos, dentro do prazo de presentación de solicitudes

GARDAR

LIMPAR

Confirmación da solicitude

Como resultado de gardar o formulario, terá unha solicitude en estado BORRADOR. Pode visualizar o borrador para efectuar as modificacións que precise antes da súa confirmación definitiva.

Tamén pode consultar na icona ? na parte superior da pantalla, máis información relativa á inscrición na OPE.

INSCRICIÓN OPE									
CONVOCATORIA	CATEGORÍA	FASE PROCESO	DATA FASE	VIA ACCESO	DATA ACREDITACIÓN DOCUMENTAL			ESTADO	RESULTADO
Oferta Persoal Estatutario 2017	CELADOR/A			LIBRE				BORRADOR	

[Amosar histórico de inscricións](#)

Unha vez que comprobou que todos os datos son correctos pode CONFIRMAR a súa solicitude; para iso debe visualizar o contido do formulario e premer no botón situado na parte inferior do mesmo: **confirmar solicitude**. Se precisa facer algunha modificación nos datos, antes de confirmar, terá que premer en **modificar** para que se garden os cambios. Unha vez confirmada a solicitude de inscrición, non pode facer modificacións no formulario electrónico.

Dirixido á Unidade de
Validación:

Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

Lembre que deberá asinar e presentar este formulario nun rexistro administrativo, xunto coa documentación acreditativa de requisitos e méritos, dentro do prazo de presentación de solicitudes

MODIFICAR

LIMPAR

CONFIRMAR SOLICITUDE

Nese intre, terá a opción de elixir se desexa presentar a súa solicitude nun rexistro presencial ou de xeito telemático mediante certificado dixital:

CONFIRMAR A SOLICITUDE

É necesario presentar esta solicitude nun rexistro oficial. De qué xeito desexa facer o rexistro?

☐ Telemático con certificado dixital
☒ Presencial nun rexistro administrativo

ACEPTAR
CANCELAR

4. Presentación mediante rexistro presencial

Unha vez confirmado o formulario, no caso de elixir a presentación nun rexistro presencial terá que imprimir o formulario de inscrición para a súa sinatura e a súa presentación nun rexistro administrativo.



INSCRIPCIÓN OPE

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN OPE

CATEGORÍA

Categoría: ...

Vía Acceso: ...

PAGO TAXAS

Pago Taxas: ...

SOLICITO ADAPTACIÓN DE TEMPO/MEDIOS

☐ Solicito adaptación

Necesidades específicas que ten o candidato/a para acceder o proceso de selección en condición de igualdade:

☒ FIJO ☐ LABORAL ☐ DUEÑA S.L.



FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN OPE
(FIDES - Oficina Virtual do Profesional)

Datos Personais:

Nome: ... NIF: ...
 Nacionalidade: ESPAÑA Data nacemento: 07/12/1954
 Enderezo: ... 400.802.20180306.124133

SOLICITO participar no concurso-oposición desta categoría, convocado por Resolución do 1 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde


Categoría: CELADORIA
 Vía Acceso: LIBRE

Pago Taxas: NON EXENTO NIN BONIFICADO

Requisitos

- Declaro que reúno a nacionalidade esixida para o acceso.
- Declaro ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade de rubricación forzosa legalmente vivente.

ENLARGAR O UTE SISTEMAS 22/06/1998 13/11/1998 10/01/2000



Se nese intre non pode imprimir o formulario de inscrición, terá a opción de volver a visualizalo máis tarde e imprimilo no botón de **Imprimir solicitude**. Tamén ten a opción, en calquera momento, de realizar o rexistro telemático do formulario.

Lembre que deberá asinar e presentar este formulario nun rexistro administrativo, xunto coa documentación acreditativa de requisitos e méritos, dentro do prazo de presentación de solicitudes

LIMPAR

IMPRIMIR SOLICITUDE

REXISTRO TELEMÁTICO

O estado final da inscrición será o de CONFIRMADA e nese momento pode acceder ao módulo de pago de taxas premendo na icona da tarxeta de crédito que se visualiza á dereita do resumo da solicitude.

INSCRICIÓN OPE											
CONVOCATORIA	CATEGORÍA	FASE PROCESO	DATA FASE	VIA ACCESO	DATA ACREDITACIÓN DOCUMENTAL			ESTADO	RESULTADO		
Oferta Persoal Estatutario 2017	CELADOR/A			LIBRE				CONFIRMADA			


Amosar histórico de inscricións

5. Presentación vía telemática

No caso de elixir a opción de rexistro telemático terá que dispoñer dun certificado dixital válido: **FNMT, DNI electrónico ou Camerfirma**.

Neste caso para a sinatura electrónica, o seu equipo informático debe cumprir os [Requisitos técnicos para a inscrición electrónica](#) que pode consultar na web.

Lembra que aínda que realice o rexistro telemático do formulario de inscrición, no caso dos requisitos non verificables automaticamente ou no caso de opoñerse á comprobación mediante PasaXe!, xérase automaticamente o **Anexo de documentación complementaria da OPE**, o cal debe entregar nun rexistro administrativo xunto coa documentación acreditativa que corresponda.



Este anexo tamén se poderá imprimir en calquera momento, visualizando o formulario e na parte inferior do mesmo premer en **Imprimir anexo**.

O estado final da inscrición, correctamente presentada mediante vía telemática, será o de CONFIRMADA REXISTRADA.

No caso de non poder realizar, por calquera motivo, o rexistro da inscrición mediante a sinatura electrónica, este quedará no estado CONFIRMADA PENDENTE DE REXISTRAR.

INSCRICIÓN OPE										
CONVOCATORIA	CATEGORÍA	FASE PROCESO	DATA FASE	VIA ACCESO	DATA ACREDITACIÓN DOCUMENTAL			ESTADO	RESULTADO	
Oferta Persoal Estatutario 2017	MÉDICO/A DE FAMILIA			LIBRE				CONFIRMADA PENDENTE REXISTRAR		

[Amosar histórico de inscricións](#)

Pode optar, sempre dentro do prazo de presentación de solicitudes, por volver a intentar o rexistro telemático ou imprimir a solicitude e entregala nun rexistro presencial.

Lembre que deberá asinar e presentar este formulario nun rexistro administrativo, xunto coa documentación acreditativa de requisitos e méritos, dentro do prazo de presentación de solicitudes

LIMPAR

IMPRIMIR SOLICITUDE

REXISTRO TELEMÁTICO

6. Verificación mediante PasaXe! e entrega de documentación

Despois de rexistrar o formulario de inscrición, debe presentar nun rexistro administrativo a documentación acreditativa de requisitos xunto co:

- Formulario de inscrición no caso de optar polo rexistro presencial.
- Anexo de documentación complementaria da inscrición na OPE no caso de optar polo rexistro telemático.

Poderá realizarse a verificación automática dos seguintes requisitos de participación a través da **plataforma de intermediación (PasaXe!)**:

– DNI/NIE.

- Certificado de discapacidade expedido por un órgano da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Condición de demandante de emprego no territorio nacional e de non ser perceptor de prestación ou subsidio por desemprego.
- Título de familia numerosa na Comunidade Autónoma de Galicia.

Fóra destes supostos ou cando se opoña expresamente á súa consulta, deberá presentar a documentación acreditativa dos requisitos segundo se indica na base 2.5. da convocatoria.

Toda a documentación relativa á inscrición na OPE **dirixirase a unha unidade de validación** das relacionadas no propio formulario electrónico de inscrición e poderá presentarse por rexistro electrónico, de forma presencial no rexistro xeral dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, ou a través dos procedementos recollidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas.

7. Rexistro e acreditación de méritos

Para o **registro electrónico dos méritos**, debe acceder a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) ao expediente electrónico do profesional ([Fides/expedient-e](#)) e ir engadindo os seus méritos nos diferentes apartados. Logo de rexistrados electronicamente, deberá imprimir a **solicitud de validación de méritos**, dispoñible na aplicación informática na epígrafe de **Informe**. Xunto coa solicitude de validación, debe presentar a documentación acreditativa, orixinal ou compulsada, dos méritos que figuren relacionados nela.



SOLICITUDE DE VALIDACIÓN

(FIDES - Oficina Virtual do Profesional)

PROFESIONAL	
Nome:	Identificador:
Categoría último vínculo:	CNP:
Nacionalidade: ESPAÑA	Data Nacemento:
Telefonos:	E-mail:
Enderezo:	

0000032445184G285901

[FIDES - 285901]

Lista de méritos pendentes de validar. Recorde que debe acreditar documentalmente todos os méritos pendentes para que sexan validados correctamente.
A documentación debe presentarse nesta orde:

EXPERIENCIA PROFESIONAL - OUTRA EXPERIENCIA

Vínculo	Réxime	Centro	Categoría	Área Traballo	Dende	Ata	%	
☒ FIXO	LABORAL	EGASA	TECNICO ESPECIALISTA EN ELECTRONICA		13/03/1984	15/10/1991	100,00	SC
☒ FIXO	LABORAL	VECOGA	ENCARGADO DE SISTEMAS		24/12/1997	19/08/1998	100,00	SC
☒ FIXO	LABORAL	LITEYCA S.L.	ENCARGADO DE SISTEMAS		22/06/1998	15/11/1998	100,00	SC

Non será necesaria a acreditación documental dos requisitos e méritos que xa aparezan validados (V) no sistema de información Fides/expedient-e.